


Aspectos Básicos


1. O Compás



Recordar a **frecha de dirección**, **agulla magnética** e a **frecha de norte**. A frecha de dirección indícanos o camiño a seguir a condición de que a agulla magnética e a frecha de norte estean igualadas, é dicir, superpostas.

Indicado do norte do mapa


2. O Mapa





- A escala indícanos a redución do mapa con respecto á realidade
- A lenda indica o significado de cada un dos símbolos e cores do mapa
- A descrición de controis indica a orde no que debemos buscar cada unha das balizas así como o lugar onde están situadas.
- A liñas norte-sur, indican a dirección norte sur do mapa, situando sempre o norte no sentido da lectura do plano. É dicir, se as palabras escritas no mapa están alrevés, o norte tamén está ó revés.


e. **As Cores:**


Utilízanse para representar os accidentes do terreo, vexetación e os "accidentes" realizados polo home


 **BRANCO:** Zonas de Bosque

 **NEGRO:** Detalles artificiais: (feitos polo home) casas, caminos, Tendidos eléctricos, (ou non) pedras cortados, límites de vexetación

 **AZUL:** Todo o referido a auga: Estanques, acequias, ríos, fontes, encoros...
























 **VERDE:** Todos os elementos vexetais: A intensidade amosa a dificultade no tránsito

 **LARANXA:** Indicativo dos Claros e zonas de cultivo con ou sen vexetación.

 **MARRÓN:** Elementos do relevo: Curvas de nivel, cortados, surcos.

Para poder tomar un rumbo correcto hai que ter ben orientado o plano. Imos a iso.

1. Colocar o compás sobre as liñas norte-sur do mapa.
2. Facer coincidir frecha de norte e frecha de dirección con esta liñas.
3. Xirar sobre nos mesmos ata que a agulla magnética coincida coas outras frechas.
4. En resumo: facer coincidir aliñadas todas as frechas e liñas (as do compás e as do mapa)

	Estrada		Obxecto particular de auga. Pozo ou fonte
	Camiño grande, pista forestal		Regato franqueable
	Camiño pequeno		
	Senda grande		
	Senda pequena		
	Senda pouco visible		
			Canle de auga, acequia
			Charca, estanque
	Muro, parede de pedra franqueable	     	Rocha, elemento rochoso
	Muro o parede en ruínas		Grupo de pedras,terreno pedregoso
	Valado , cerca franqueable		Burato, cova
	Valado , cerca en ruínas		Cortados, varios tamaños Terreo areoso, afloramiento rochoso
	Valado infranqueable		
	Mata grande, matorral		
	Elemento específico da vexetación ou árbore singular. Tocón		

Enlaces interesantes, información e Videos no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipescultoracunha/category/13/57> (px web do colexio)



DESCUBRINDO O NORTE 2013/14



“Galiñeiro: Deporte de orientación e Cultura Megalítica”

Horas	PROGRAMA
16:30	Reunión e explicación breve da actividade.
16:45	<ul style="list-style-type: none">• Inicio da carreira de orientación, modalidade scoring: consiste en facer o percorrido aleatoriamente conseguindo o maior número puntos. Estes veñen determinados pola cifra das decenas de cada baliza, é dicir, a nº 65 vale 6 puntos, a 34 vale 3, a 82 vale 8. Pero hai que facer o percorrido nun tempo determinado, que supere ese tempo, por cada 15 segundos penalizará os puntos que se indiquen.
17:45 (aproximadamente)	<ul style="list-style-type: none">• Inicio da carreira de orientación, modalidade en liña: consiste en facer un percorrido de xeito correlativo, é dicir, ir do control 1 ao 2, de este ao 3 e así sucesivamente ata rematar. Ademais, nesta carreira haberá que conseguir unhas pistas para solucionar un pequeno problema. Quen non o resolta non poderá merendar.
18:30 (aproximadamente)	Visita aos petróglifos “Auga da Laxe” e muíños, onde os alumnos do CEIP Escultor Acuña explicarán a todos os asistentes as características máis salientables; e o alumnado do CEIP Carballal-Cabral falarán sobre os tipos de muíños que podemos atopar na Serra do Galiñeiro.
19:00	Regreso ao merendeiro para “alimentarnos sans e medrar ben”... pero soamente aqueles que resolvan o problema.
REMATE DA ACTIVIDADE	
CENTROS	MESTRES:
<ul style="list-style-type: none">• CEIP Carballal – Cabral (Vigo)• CEIP Escultor Acuña	<ul style="list-style-type: none">• <i>Martín Pazó Pazó</i>• <i>Enrique Fuertes González</i>• <i>Juan Antonio Graña Rodríguez</i>• <i>Pablo Gallego Salgado</i>